


OS **LEMBRA** PESCA

DO ISSGA

PREVENCIÓN DE RISCOS NA EXTRACCIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

issga.xunta.gal


AUTORÍA:

Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa)

Persoal técnico do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga):

José Antonio Rodríguez Arribe, Diego Castro Balboa, Pablo García Fernández e Arturo Pichel Fernández

Santiago de Compostela, 2026



© ISSGA. Xunta de Galicia

Prevención de riscos na extracción de recursos específicos


Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga no seguinte enlace: issga.xunta.gal

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES





Índice	Páxinas
PREVENCIÓN DE RISCOS NA EXTRACCIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS	
DEFINICIÓNS	1
EMBARCACIÓN	2
PERCEBE	
Extracción	3
EPI	4
MERGULLO	
Lexislación e normativa	5
Equipamento para subministración desde superficie ...	6
Equipo persoal para subministración desde superficie ...	7
Equipo de subministración desde superficie	8
Equipamento para mergullo en apnea	9
Riscos na extracción	10
PRIMEIROS AUXILIOS I	11
PRIMEIROS AUXILIOS II	12
LEXISLACIÓN BÁSICA	13

DEFINICIÓNS

Considéranse recursos específicos aquelas especies marisqueiras que polas súas características biolóxicas, pola súa técnica de extracción ou polas especificidades da súa comercialización requiren un sistema de xestión que atenda estas particularidades (Lei 11/2008, de pesca de Galicia). Quen autoriza a súa extracción é a Consellería do Mar da Xunta de Galicia.



POLIKUETOS

Vermes mariños para cebo. Explótanse actualmente varias especies: miñoca, miñoca de tubo ou casulo, gabián e mangón ou miñoca de area.



PERCEBE

Crustáceo mariño moi saboroso e de importante valor económico. Atópase pegado ás rochas moi batidas polo mar. A máis común das especies en Galicia é a *Pollicipeps pollicipeps*.



OURIZO

Animal mariño pertencente á clase dos equinodermos (do grego *echinos*, 'espiñas', e *derma*, 'pel'). As súas gónadas son moi prezadas.




ALGAS

Seres vivos acuáticos moi abondosos nas nosas costas dos que existe unha gran variedade, e que se están a comercializar dun xeito crecente.



NAVALLAS E LONGUEIRÓNS

Moluscos lamelibranquios mariños, cunha cuncha formada por dúas valvas alongadas, simétricas, fráxiles, que ao seren algo curvadas, semellan o obxecto do que toma o nome.



ORELLA DE MAR OU PENEIRA

Haliotis é un molusco gasterópodo, o único na familia *Haliotidae*. A súa carne é un prato moi prezado na Asia.

EMBARCACIÓN

Se vas embarcado á extracción de recursos específicos lembra:



Procura un embarque e desembarque seguro.



Mantén a superficie antiesva-rante da cuberta en bo estado.



Tes que levar a bordo o equipamento incluído no certificado de seguridade.



A cuberta limpa, os cabos adu-xados e os útiles trincados.



Ollo cos combustíbel do motor, poden ser prexudiciais para a saúde.



Se levas o rizón na cuberta, protéxelle as unllas.



Non levas máis tripulantes dos autorizados para a túa embarcación.



Un cabo na proa axuda a manter o equilibrio ao saltar na rocha.



Salta ás rochas nas zonas menos batidas. O patrón controla os balanceos e cabeceos.

PERCEBE: EXTRACCIÓN

PERCEBE



É imprescindible saber nadar, ter boa forma física e coñecementos en primeiros auxilios.



Evita traballar en malas condicións de mar e nadar ata as rochas afastadas.



O equipo mínimo de traballo será sempre de dúas persoas.



É boa idea dispoñer dun cabo de rescate e dun aro na zona de traballo.



Un dos membros do equipo alertará os demais da chegada de ondas perigosas.




Lembra baleirar a miúdo a saqueta, evitarás golpes nas coxas.



Deixa aviso da zona en que vas faenar e leva sempre un móbil cargado.



Mantén o material de traballo (rasqueta, trueiro, etc.) en bo estado.




A fatiga lévase mal coa seguridade.

PERCEBE: EPI



MERGULLO



MERGULLO: LEXISLACIÓN E NORMATIVA

A extracción de recursos específicos (navallas, ourizos, orellas de mar, poliquetos, algas, etc.) mediante técnicas de mergullo (en apnea ou con subministración de aire desde a superficie) é unha das actividades perigosas e con riscos especiais das recollidas no anexo I do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997).

- PROFUNDIDADE MÁXIMA DE MERGULLO:**
- **12 M** EMPREGANDO SUBMINISTRACIÓN DESDE SUPERFICIE
 - **7 M** EN APNEA*

** A APNEA ESTÁ PROHIBIDA, AÍNDA QUE EXISTE UN RÉXIME TRANSITORIO QUE FINALIZA EN XUÑO DO ANO 2030, QUE PERMITE CONTINUAR REALIZÁNDOA NA EXTRACCIÓN DE RECURSOS PESQUEIROS*

REQUISITOS COMÚNS (Apnea ou subministración desde supercie)

- Estar en posesión da certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo segundo o Decreto 64/2008 da Comunidade Autónoma de Galicia.
 1. Ter cumpridos os 18 anos
 2. Ter o ensino obrigatorio
 3. Exame médico de aptitude para o mergullo
- É imperativo manter sempre un patrón a bordo da embarcación (cumprimento do Regulamento internacional para a prevención de abordaxes RIPA).
- Respetar as normas de seguridade para mergullo de extracción de recursos mariños vivos (Real decreto 550/2020, do 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo).
- O tempo de exposición máximo diaria é de 180 min (ata 300 min se a profundidade é < 10 m).
- É obligatoria a existencia dun xefe de equipo nomeado previamente e por escrito, exercendo as súas funcións de supervisión e control durante a manobra de mergullo (funcións que non pode realizar se está na auga mergullándose). O máis recomendable é que o patrón sexa o mergullador que exerza de xefe de equipo.
 - É moi recomendable ter nun lugar rapidamente accesible unha bucina manual de gas das empregadas para a brétema, para alertar a embarcacións que non coñezan ou non vexan a zona balizada para o mergullo.
 - Delimitar a zona de traballo mediante liñas de separación.
 - Mergullar sempre dentro dos límites SEN paradas de descompresión.
 - Dispoñer de osíxeno normobárico.
 - Elaborar un plan de inmersión que inclúa as medidas de emerxencia en caso de accidente.
 - Excepcionalmente o capitán marítimo mediante resolución motivada poderá eximir do emprego da embarcación de apoio.

MERGULLO: EQUIPAMENTO PARA SUBMINISTRACIÓN DESDE SUPERFICIE

EQUIPO HUMANO

Mínimo tres mergulladores: un xefe de equipo e dous megulladores na auga.

Ou tamén é valido:

Un xefe de equipo e unicamente un mergullador na auga, e outro a actuar como mergullador de seguridade estando listo para intervir en todo momento.

EQUIPAMENTO PERSOAL

1. Máscara facial ou gafas
2. Válvula antirretorno
3. Traxe de mergullo coa axeitada protección térmica e con flotabilidade
4. Arnés de seguridade
5. Dispositivo de localización de emerxencia
6. Botella de emerxencia dispoñible e operativa
7. Lastre axeitado, con sistema de zafado rápido
8. Chifre ou sistema equivalente
9. Profundímetro, reloxo e táboas de descompresión, ou no seu lugar, sendo moito máis recomendable, ordenador de mergullo
10. Luvas de traballo
11. Aletas ou botas
12. Coitelo ou equivalente (100% operativo e dispoñible)

EQUIPAMENTO TÉCNICO

- Sistema de distribución de gases con:
 - Entradas para aire principal e reserva con manómetros indicadores de presión de entrada e saída
 - Válvula para pasar a subministración de reserva
- Manguera de subministración de gases + elemento que soporte os tiróns e permita sacar o mergullador fóra da auga: o ideal é usar un cabo de nailon trenzado de 6 ou 8 mm que, estando ben tenso, se unirá con trincas, cinta americana ou bridas tipo electricista á manguera de aire lixeiramente frouxa. Evítase así que, no caso de tensar o conxunto, a manguera de aire se esmague cortando o fluxo de aire ao mergullador.

MERGULLO: EQUIPO PERSOAL PARA SUBMINISTRACIÓN DESDE SUPERFICIE



A válvula distribuidora permite operar a subministración de emerxencia en caso de fallo da subministración principal. Esta posúe unha válvula antirretorno que evita a perda de aire en caso de accidente.



Cun chaleco con chumbos e zafado rápido resolverás unha situación de emerxencia mellor que cun cinto de chumbos.



Un coitelo ben afiado axudarache en caso de quedares atrapado por cabos ou aparellos. Colócao preferentemente na cara interna da perna.



As luvas son imprescindibles para non ferirte co recurso ou outros seres vivos.

MERGULLO: EQUIPO DE SUBMINISTRACIÓN DESDE SUPERFICIE




Cadro de distribución de gases



Botellas de subministración de aire



Compresor



Equipamento para primeiros auxilios



Cabo de seguridade de nylon trenzado

MERGULLO: EQUIPAMENTO PARA MERGULLO EN APNEA

EQUIPO HUMANO

Mínimo tres mergulladores: un xefe de equipo e dous megulladores na auga.


EQUIPO PERSOAL

1. Gafas de mergullo e tubo
2. Traxe de mergullo coa axeitada protección térmica
3. Lastre axeitado, con sistema de zafado rápido
4. Chifre ou similar
5. Boia de balizamento en superficie (non confundir coas corcheiras ou boia/s para delimitar a zona de traballo)
6. Luvas de traballo
7. Aletas
8. Coitelo ou equivalente (100% operativo e dispoñible)
9. Sistema de medida para non exceder a profundidade máxima dos 7 m.c.a.

MERGULLO: RISCOS NA EXTRACCIÓN



Unha boa forma física é imprescindible para se dedicar a esta actividade.



Olo coas correntes mariñas, pódete desprazar da zona segura de inmersión.




Mantén o equipo persoal de inmersión en bo estado.



Respecta os tempos e as normas de ascenso á superficie. Olo á descompresión.



Lembra que o compresor sempre debe posuír un filtro de aire, e cumpre coas revisións e o mantemento.



Sitúa a entrada de aire do compresor (admisión) lonxe da saída dos gases de escape do motor da embarcación.



MERGULLO CON SUBMINISTRACIÓN DE AIRE

Non te mergulles en apnea se, no mesmo día, te mergullaches con subministración desde superficie ou fixeches mergullo en autónomo.

MERGULLO EN APNEA



O teu plan de emerxencia debe considerar a dispoñibilidade dunha cámara de descompresión operativa á que poidas acudir en caso de necesidade.

PRIMEIROS AUXILIOS I

Cómpre que saibamos como actuar diante dun accidente ou emerxencia médica que comprometa a saúde ou a vida dos pescadores a bordo.



TELÉFONOS DE INTERESE

- Central de emerxencias112
- Centro radiomédico español (ISM) 913 103 475
- Emerxencias marítimas 900 202 202

Mantén a caixa de primeiros auxilios do teu barco revisada e conforme o indicado no RD 258/1999



FERIDAS

- Lavar con auga corrente e secar
- Aplicar algún antiséptico
- Cubrir con apósito



HEMORRAXIAS

- Deitar o accidentado
- Elevar a parte da ferida por riba do corpo
- Facer presión continua no lugar da hemorraxia



QUEIMADURAS

- Lavar con auga corrente
- Non romper as ampolas
- Cubrir con apósito
- Nas grandes queimaduras, non tirar a roupa agás no caso de queimadura química

PRIMEIROS AUXILIOS II

FRACTURAS

Recoñecerás unha fractura polos seguintes sinais:

- Imposibilidade de mover o membro afectado.
- Dor na zona fracturada.
- Ás veces deformación ou simple inchazón.
- Non intentes endereitar o membro ou manipular a fractura.
- Inmobiliza a fractura collendo sempre a articulación superior e inferior.
- No caso de fractura aberta, aplica un apósito estéril sobre a ferida.
- Nas fracturas de columna evita a flexión desta.



RCP

A maior complicación que se pode presentar é unha parada cardiorrespiratoria. Precisas recoñecela e saber facer a reanimación cardiopulmonar (RCP).

- 1º Determina a consciencia do accidentado movéndoo e falándolle.
- 2º Abre o canal respiratorio tirando da cabeza cara atrás e cara arriba e comprobe que respira.
- 3º Se o resultado é negativo, avisa a emerxencias e inicie RCP.
- 4º Comeza coas compresións cardíacas, intercalando insuacións de aire nos pulmóns do accidentado.

SECUENCIA: 2 insuacións de aire por cada 30 compresións cardíacas.

RITMO: 100 compresións cardíacas por minuto.

COMPROBA PERIODICAMENTE O ESTADO DO PACIENTE



LEXISLACIÓN BÁSICA

Preséntase nesta ficha un relatorio non exhaustivo de lexislación e normativa de aplicación na extracción de recursos específicos.

Lei 31/1995, do 8 de novembro , de prevención de riscos laborais (BOE do 10-11-1995)	Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro , polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (BOE do 31-01-1997)	Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo , polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (BOE do 07-08-1997)
Real decreto 773/1997, do 30 de maio , sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual (BOE do 12-06-1997)	Decreto 64/2008, do 27 de marzo , polo que se regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia	Decreto 152/1998, do 15 de maio , polo que se establecen as condicións para o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
Orde do 1 de outubro de 2008 , pola que se regula o procedemento de obtención da certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia	Real Decreto 550/2020, do 2 de xuño , polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo	Lei 11/2008, do 3 de decembro , de pesca de Galicia (BOE do 17-01-2009)
Regulamento (UE) 2016/425 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016 , relativo aos equipos de protección individual e polo que se derroga a Directiva 89/686/CEE do Consello	Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro , polo que se establecen as condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar. Modificada polo RD 568/2011, do 20 de abril.	Orde do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia



PREVENCIÓN DE RISCOS NA EXTRACCIÓN
DE RECURSOS ESPECÍFICOS



[ISSGA.XUNTA.GAL](https://issga.xunta.gal)



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA



Xacobeo
2027